

O Grupo municipal do Partido Popular de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.453-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA ESIXIR O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDAD Y AGENDA URBANA QUE SEXAN ATENDIDAS AS LEXITIMAS DEMANDAS EN RELACIÓN CO DEFICIT DE MANTEMENTO E DE INFRAESTRUCTURAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os incumprimentos do Ministerio de Transportes, Mobilidad y Agenda Urbana, antes Ministerio de Fomento, son moitos e veñen de longo, o noso Pobo segue sen:

- A tan necesaria e urxente Variante Oeste.
- A rehabilitación da ponte da Ferrería na estrada nacional 550.
- Ponte peonil alternativa o citado viaduto.
- Medidas contundentes que permitan que os centros escolares do noso Pobo que están próximos a estradas da súa competencia vexan como aumenta a mellora da seguridade dos escolares.
- A rotonda en Outeiro-Bemil da N550.
- A construción dunha ronda urbana que entronque a N550 ca N640 e ca estrada provincial EP8004 que con leva a construción dunha nova ponte urbana.
- Sen un firme adecuado das dúas estradas que atravesan Caldas de Reis, e que se atopan nun estado lamentable.

Todos este maltrato de este Ministerio o longo do tempo cos caldenses teñen graves consecuencias para o desenrolo do noso Pobo, posto que a falta da variante Oeste impide o desenrolo de solo industrial tan necesario en Caldas de Reis, o dispor dunha ponte urbana alternativa a da Ferrería para o tráfico impide trasladar servicios básicos entre as parroquias de Santa María e Santo Tomás, a falta de medidas contundentes na contorna dos centros escolares están a por en perigo os noso rapaces, a falla da rotonda de Bemil está a impedir a ampliación dalgunha das nosas industrias e a poñer en perigo os vehículos que teñen que acceder as súas vivendas en Outeiro ou a un dos tanatorios do noso Pobo.

Pero esta moción se presenta porque o que sucedeu no casco urbano este mes foi absolutamente impresentable, todos puidemos ver como, logo de chegar a unha situación límite con tremendos buratos no firme da estradas N550 e N640, se procedeu por parte de este Ministerio, a un parcheo por retales de escasas medidas, realizando durante dúas noites un


www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularecaldasdereis>



+34 621 224 620

asfaltado baixo a chuvia, que é absolutamente impresentable, e que en lugar de mellorar, empeorou a situación.

No Pleno pasado preguntámoslle o noso Alcalde que opinaba de esa chapuza de parcheo realizado polo Ministerio e, como non podía ser de outro modo, nos contestou que lle a parecía absolutamente lamentable, que estivera a punto de mandar parar as obras a empresa que a estaba executando, e que si presentabamos unha moción por suposto que a apoiaría, pois, como coincidimos ca súa resposta e a queixa dos veciños e continua, creemos que xa chegou o momento de poñernos firmes e esixir que o Ministerio remate con esta situación, porque o que é un luxo para Caldas, como é ser un punto de comunicacións por estrada prioritario, estase a converter nunha condena pola deixades de este Ministerio.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Caldas de Reis presenta ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDOS:

1. Se traslade o Ministerio de Transportes, Mobilidad y Agenda Urbana e a Demarcación de Carreteras de Galicia (Delegación de Pontevedra) a absoluta desconformidade do Pleno do Concello de Caldas de Reis ca chapuza absoluta de parcheo realizado por unha contrata neste mes de decembro.

2. Se requira o Ministerio de Transportes, Mobilidad y Agenda Urbana e Demarcación de Carreteras de Galicia (Delegación de Pontevedra) que se poñan en marcha de forma urxente as seguintes demandas:

- Se proceda a revisión xeral do firme das estadas Nacional 550 e Nacional 640 no noso termo municipal e a contratación da obra que solucione todos os graves problemas que detecte a citada revisión, facendo un asfaltado amplo que permita dispor duns firmes adecuados.
- Se axilice o estudio técnico da urxente Variante Oeste, e que a empresa adxudicataria da redacción do estudio consensúe co noso Concello as alternativas mai axeitadas.
- Se proceda a rehabilitación integral da ponte da Ferrería na estrada nacional 550.
- Se proceda a redacción de proxecto e construción da ponte peonil alternativa o citado viaduto.
- Se executen as tan demandas medidas contundentes que permitan que os centros escolares do noso Pobo que están próximos a estradas da súa competencia vexan como aumenta a mellora da seguridade dos escolares.
- Se constrúa a rotonda en Outeiro-Bemil da N550.
- Se proceda a construción dunha ronda urbana que entronque a N550 ca N640 e ca estrada provincial EP8004 que con leva a construción dunha nova ponte urbana, encozando pola adxudicación dun estudio técnico de solucións.

En Caldas de Reis a 19 de xaneiro de 2023

O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**


www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620